

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS**

Aprobado pola Xunta de Escola o 20 de decembro de 2005

Ratificado polo Consello de Goberno o 24 de abril de 2006

(\*)Modificado polo Consello de Goberno do 14 de maio de 2009

<b>TITULO PRELIMINAR.....</b>	<b>4</b>
Artigo 1º .....	4
Artigo 2º .....	4
<b>TITULO PRIMEIRO - DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA ESCOLA .....</b>	<b>4</b>
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS .....	4
CAPÍTULO II. DA XUNTA DE ESCOLA .....	4
<i>Sección 1ª: Disposicións xerais.....</i>	4
Artigo 4º .....	4
Artigo 5º .....	5
<i>Sección 2ª: Da composición e funcións do Pleno.....</i>	5
Artigo 6º .....	5
Artigo 7º .....	5
<i>Sección 3ª: Do funcionamento do Pleno.....</i>	7
Artigo 8º .....	7
Artigo 9º .....	8
Artigo 10º .....	8
Artigo 11º .....	8
Artigo 12º .....	8
Artigo 13º .....	9
Artigo 14º .....	9
Artigo 15º .....	9
Artigo 16º .....	10
Artigo 17º .....	10
CAPÍTULO III. DAS COMISIÓNS.....	10
<i>Sección 1ª: Da Comisión Permanente.....</i>	10
Artigo 18º .....	10
Artigo 19º .....	11
Artigo 20º .....	11
Artigo 21º .....	12
Artigo 22º .....	12
<i>Sección 2ª: Das Comisións Asesoras.....</i>	12
Artigo 23º .....	12
Artigo 24º .....	12
Artigo 25º .....	13
Artigo 26º .....	13
Artigo 27º .....	13
Artigo 28.....	13
<b>TÍTULO SEGUNDO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS .....</b>	<b>14</b>
<i>CAPÍTULO I. Do Director ou Directora.....</i>	14
Artigo 29º .....	14
Artigo 30º .....	14
Artigo 31º .....	15
Artigo 32º .....	15
Artigo 34º .....	156
<i>CAPÍTULO II. Do Secretario ou Secretaria.....</i>	16
Artigo 35º .....	16
Artigo 36º .....	16
Artigo 37º .....	17
<i>CAPÍTULO III. Dos Subdirectores e Subdirectoras.....</i>	18
Artigo 38º .....	18
<b>TÍTULO TERCEIRO – DA REFORMA DO REGULAMENTO.....</b>	<b>18</b>

Artigo 39º .....	18
<b>DISPOSICIÓN ADICIONAL E FINAL.....</b>	<b>18</b>

## TITULO PRELIMINAR

### **Artigo 1º**

1. O Regulamento de réxime interno da Escola universitaria de relacións laborais, de acordo co disposto no artigo 99.2 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular o funcionamento daquela.
2. O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade e demais normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario, así como do resto do ordenamento xurídico que sexa de aplicación.

### **Artigo 2º**

Segundo o artigo 96 dos Estatutos da Universidade, os órganos de goberno e administración da Escola universitaria de relacións laborais son os seguintes: a Xunta de Escola; o Director ou a Directora; os Subdirectores ou Subdirectoras e o Secretario ou a Secretaria.

## TITULO PRIMEIRO - DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA ESCOLA

### CAPÍTULO I. Disposicións xerais

### **Artigo 3º**

As normas de funcionamento da Xunta de Escola rexerán para os demais órganos colexiados de non existiren previsións específicas para estes.

### CAPÍTULO II. Da Xunta de Escola

#### **Sección 1ª: Disposicións xerais**

### **Artigo 4º**

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do Centro. Como tal, esta aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

## Artigo 5º

A Xunta de Escola actúa en Pleno ou en Comisión Permanente. Poderán crearse, ademais, as comisións asesoras da Xunta as que se refire este Regulamento, nas que esta non poderá delegar facultades decisorias.

### Sección 2ª: Da composición e funcións do Pleno

## Artigo 6º

1. O Pleno da Xunta de Escola terá a seguinte composición:
  - a) O Director ou Directora.
  - b) Os Subdirectores ou Subdirectoras
  - c) O Secretario ou Secretaria da Escola .
  - d) Persoal docente e investigador e investigadores en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censados sempre que teñan neste un encargo docente igual ou superior a 9 créditos. Están incluídos dentro deste grupo:
    - Todo o persoal funcionario docente, que representará o 51%.
    - O resto de persoal docente e investigador e investigadores en formación, sempre que non exceda do 14% do total da Xunta. En todo caso, o PDI a tempo parcial nom poderá representar máis do 5%(\*).
  - e) Unha representación dos/das estudantes nunha proporción do 30% de todos os membros da Xunta(\*).
  - f) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 5% do total da Xunta, cun mínimo de dous membros.

## Artigo 7º

1. Son competencias da Xunta de Escola as seguintes:

- a) A elección do Director ou Directora e, de ser o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas no centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro; a proposta e implantación de novas titulacións; proposta de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e a organización de cursos ou estudos de posgrao.
- f) A creación de cantas comisións asesoras, sen competencias executivas, estime oportunas, ademais das previstas no Título II deste Regulamento.
- g) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación, supervisión e cumprimento da actividade docente do profesorado con docencia no centro.
- h) A programación dos servizos e equipamentos do centro así como a supervisión da súa xestión.
- i) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- l) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- m) A aprobación ou informe dos traballos de fin de carreira e dos complementos retributivos segundo a normativa vixente
- n) A organización de actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- o) A manifestación da súa opinión sobre calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- p) Elevar ao Consello de Goberno propostas sobre a capacidade do Centro.
- q) Recibir do Director a información sobre as memorias dos distintos Departamentos.

- r) Decidir sobre calquera outro asunto que nos Estatutos da Universidade ou en calquera outra norma sexan encomendados expresamente ao Pleno da Xunta de Escola .
2. O Pleno poderá delegar as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c), d), e) e f) deste artigo. O acordo de delegación requirirá o voto favorable da maioría dos membros presentes na Xunta.
3. A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a temporalidade de mesma se derive da propia natureza da delegación.
4. O Pleno poderá revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

### **Sección 3ª: Do funcionamento do Pleno**

#### **Artigo 8º**

1. O Pleno da Xunta de Escola reunirse cando sexa convocado nos termos que sinala este capítulo. En todo caso, terá que reunirse en sesión ordinaria e en periodo lectivo polo menos tres veces ao ano
2. As reunións de carácter ordinario deberán conter necesariamente;
  - a) Aprobación da acta da sesión anterior.
  - b) Informe do Director.
  - c) Rogos e preguntas.
3. Ademais das reunións ordinarias o Pleno da Xunta poderá reunirse con carácter extraordinario cando o decida o Director por propia iniciativa, ou a solicitude da Comisión permanente ou dun mínimo dun terzo dos membros do Pleno. Os solicitantes deberán indicar o punto ou puntos que serán incluídos na orde do día sesión.
4. As sesións da Xunta deben celebrarse en días administrativamente hábiles. Os Plenos ordinarios non se celebrarán en datas de exames oficiais ordinarios. As reunións extraordinarias deberán celebrarse no prazo máximo de 15 días dende a solicitude sen que se tomen en consideración os períodos non lectivos. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, a Xunta de Escola tamén poderá reunirse nos meses de febreiro, xullo e setembro.

### Artigo 9º

1. A Convocatoria da Xunta de Escola corresponde ao Director. A dita convocatoria deberá conter os puntos a debatir na sesión.
2. Para que a convocatoria teña efecto deberase poñer en coñecemento de todos os membros da Xunta de Escola mediante notificación escrita. Nesta farase constar xunto coa orde do día, a data, hora e lugar de celebración da reunión.
3. As notificacións serán remitidas polo menos con corenta e oito horas de anticipación. A entrega das mesmas efectuarase no lugar destinado á recepción de correspondencia na Escola. Previo acordo da Xunta poderase substituír esta notificación pola convocatoria electrónica na conta de correo que faciliten.
4. A Xunta de Escola, salvo casos de forza maior, tense que reunir nas dependencias da Escola dentro do horario habitual de apertura do centro procurando causar o menor transtorno posible no desenvolvemento das tarefas docentes. Non obstante, a celebración da Xunta de Escola exime, durante a súa duración, aos membros dela das tarefas docentes e discentes.

### Artigo 10º

1. A orde do día será elaborada polo Director, asistido polo Secretario e máis o equipo directivo.
2. Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente soliciten por escrito o 25% dos membros da Xunta. O Director deberá dar resposta a aquelas preguntas que lle sexan remitidas con alomenos vinte e catro horas de antelación.

### Artigo 11º

Teñen dereito de asistencia as Xuntas de Escola os seus membros. De acordo cos Estatutos da Universidade, o Director tamén deberá convocar, con voz, pero sen voto, a todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no Centro e non sexa membro da Xunta. Asimesmo, poderá asistir calquera outra persoa que se considere pertinente, previo convite do Director.

### Artigo 12º

A Xunta de Escola constitúese válidamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria, dez minutos despois, coa asistencia dun

cuarto dos seus membros, sempre que entre eles esté, polo menos, o Director e o Secretario ou quen legalmente os substitua.

#### **Artigo 13º**

1. A Xunta de Escola será presidida polo Director ou quen faga as súas veces, asistido dunha Mesa integrada, ademais de polo Director, polo Subdirector ou Subdirectores e o Secretario da Escola.
2. En caso de ausencia do Director presidirá a Xunta o Subdirector do Centro que determine o Director. Actuará como Secretario da Xunta quen o sexa do Centro e, na súa ausencia, calquera outro membro que determine o Director.
3. A Mesa interpretará o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates, e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento ou que o Director lle consulte. As decisións adoptaranse por maioría, e, no caso de empate, o Director decidirá co seu voto de calidade.

#### **Artigo 14º**

1. O Director dirixirá e ordenará o desenvolvemento das sesións velando por que os debates se efectuen de forma axil, completa, respectuosa e de forma que tódolos membros da Xunta de Escola poidan expoñer as súas posicións e facer valer os seus dereitos. De acordo coa Mesa, fixará un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.
3. Nos supostos de excesiva duración do Pleno da Xunta, a xuízo da Mesa, o Director poderá dispoñer a interrupción da sesión, fixando a data e hora na que deba reanudarse nun prazo que en ningún caso será superior a sete días.

#### **Artigo 15º**

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de acordos en materias da súa competencia, ou de recomendacións cando actúe con funcións meramente consultivas.

2. Os acordos da Xunta de Escola serán susceptibles de recurso nos termos establecidos no artigo 74 dos Estatutos da Universidade e de acordo coa normativa vixente de funcionamento dos órganos colexiados e procedemento administrativo.

#### **Artigo 16º**

1. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para determinados asuntos. Non se poderán adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que tódolos membros da Xunta estean presentes e sexa declarado de urxencia o asunto polo voto favorable da maioría.
2. As votacións no Pleno poden ser por asentimento, previa proposta do Director e da Mesa, públicas e a man alzada, ou secretas. Serán secretas cando afecten a persoas, o requira a natureza do asunto a tratar ou previa solicitude, como mínimo, dunha cuarta parte dos membros da Xunta de Escola.
3. Calquera membro da Xunta poderá presentar mocións ante a mesma de palabra ou por escrito. Estas serán debatidas en "rogos e preguntas", sempre que non se refiran a puntos da orde do día. As mocións por escrito serán lidas polo Secretario, mesmo en ausencia do mocionante, sempre que este xustifique debidamente a súa inasistencia á Xunta.

#### **Artigo 17º**

De acordo co establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago, non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

### **CAPÍTULO III. Das comisións**

#### **Sección 1ª: Da Comisión Permanente**

#### **Artigo 18º**

1. A Comisión Permanente da Xunta de Escola estará composta por:
  - a) O Director ou Directora que a preside e convoca.
  - b) Os Subdirectores ou Subdirectoras.
  - c) O Secretario ou Secretaria da Escola que actuará como Secretario

- d) Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta en número de 9, distribuídos do seguinte xeito: 3 profesores funcionarios, 1 representante do restante persoal docente e investigador, 4 estudantes e 1 membro do persoal de administración e servizos.
2. Os membros da Comisión Permanente teñen que ser membros do Pleno. A elección para ocupar os postos da Comisión Permanente, á que fai referencia o parágrafo d) do apartado 1, realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Escola, designando titulares e suplentes.
3. Os membros da Comisión Permanente serano por un periodo de dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

#### **Artigo 19º**

Os membros da Comisión Permanente cesarán no mesmo momento en que perdan a súa condición de membros do Pleno, ou cesen no cárrago académico cuxa titularidade implica a condición de membro da referida Comisión. Se algún membro desta demite ou cesa substituirao o seu suplente.

#### **Artigo 20º**

A Comisión Permanente será competente para:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados polo Pleno.
- c) Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados polas comisións asesoras, e elevalos, no seu caso, ao Pleno.
- d) Coñecer de cantos asuntos a normativa universitaria lle atribúa a unha comisión do Centro e que non sexa atribuída polo Pleno da Xunta a ningunha outra comisión.
- e) Asesorar en todas aquelas cuestións que o Director lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquel lle delegue expresamente.

### **Artigo 21º**

A Comisión Permanente reunirse cando sexa convocada nos mesmos termos que rixen para a Xunta de Escola. Terá que reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez cada dous meses. Para a adopción de acordos rexerán as normas da Xunta de Escola.

### **Artigo 22º**

1. Das reunións da Comisión Permanente levantarase unha acta sucinta polo Secretario da Escola na que, ademais dos extremos citados no artigo 14.1 do presente Regulamento, se recollerán, cando se solicite, as opinións contrarias ao acordo adoptado.
2. O Director da Escola informará ao Pleno, na primeira sesión que este realice con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todas as actuacións da Comisión, agás as decisións adoptadas en asuntos de trámite, das que informará o Secretario.

## **Sección 2ª: Das comisións asesoras**

### **Artigo 23º**

1. Sen prexuízo das comisións existentes no Centro e que non dependen directamente da Xunta, esta pode crear comisións asesoras para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados temas. A Xunta de escola acordará a composición e funcións das comisións asesoras respetando a representación dos sectores da escola nos que teña incidencia o ámbito de actuación da comisión, agás nos supostos expresamente previstos neste Regulamento ou noutras normas universitarias que sexan de aplicación.
2. As comisións asesoras poden ser específicas para un tema concreto ou estables para os temas que, pola súa incidencia na Escola, así o aconsellen.

### **Artigo 24º**

1. Os membros das comisións asesoras teñen que ser membros da Xunta de Escola, e serán elixidos polo respectivos sectores. Os seus presidentes poderán invitar a participar nelas, con voz pero sen voto, a outros membros da Escola.
2. As reunións das comisións asesoras terán que celebrarse nos locais da Escola en días hábiles, salvo caso de extraordinaria e urxente necesidade, no que tamén poderán celebrarse nos meses de febreiro e xullo. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de vinte e

catro horas. En casos de urxente necesidade e a xuízo do seu presidente, poderán ser convocadas de forma verbal.

#### **Artigo 25º**

As comisións asesoras constituiranse validamente en primeira convocatoria cando concurra a maioría absoluta dos seus membros e, en segunda convocatoria, que poderá celebrarse media hora despois, cos membros presentes.

#### **Artigo 26º**

As comisións asesoras redactarán os seus informes, propostas e recomendacións nunha acta , que será elevada ao órgano que solicitou o informe. Cando a iniciativa partise das propias comisións asesoras, estas elevarán os seus informes, propostas e recomendacións á Comisión Permanente.

#### **Artigo 27º**

As Comisións Asesoras, de existir, estarán integradas por:

- a) O Director, ou persoa que designe, que será quen a presida.
- b) Un Subdirector
- c) O Secretario da Escola .
- d) Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta distribuídos do seguinte xeito: 3 funcionarios docentes; 1 representante do restante persoal docente e investigador; 4 estudantes e 1 representante do persoal de administración e servizos.

#### **Artigo 28º**

Os membros das comisións asesoras serán elixidos polos seus respectivos sectores na Xunta de Escola .

## TÍTULO SEGUNDO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

### CAPÍTULO I. Do Director ou Directora

#### Artigo 29º

O Director ou Directora representa á Escola, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

#### Artigo 30º

1. Son competencias do Director:

- a) A representación da Escola.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Escola e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Escola.
- d) A dirección da política académica da Escola.
- e) A proposta ao Reitor do nomeamento e cesamento do Secretario da Escola e dos Subdirectores, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- f) A vixancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- h) A garantía da publicidade de tanta documentación sexa necesaria para unha mellor información dos membros da Escola
- i) O fomento das relacións da Escola coa sociedade
- l) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
- m) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade ou a lexislación universitaria.

2. Tamén é competencia do Director a execución dos acordos da Xunta de Escola, así como todos os asuntos de goberno e administración da Escola , non atribuídos a outros órganos.

#### **Artigo 31º**

As eleccións a Director serán convocadas por este coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes deste. Se o titular cesase por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao dito cesamento. Para tal efecto, celebrarase unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Escola que terá coma único punto da orde do día a elección do Director. Para o seu desenvolvemento terase en conta o disposto no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago.

#### **Artigo 32º**

1. Reunida a Xunta de Escola en convocatoria extraordinaria para a elección de Director, o candidato ou candidatos disporán dun tempo máximo de trinta minutos para expoñer, se así o desexan, a súa proposta de liñas xerais de actuación; e responderán durante un prazo máximo de hora e media ás preguntas que os membros do Pleno lle formulen.
2. Concluídos os debates, procederase á votación, nominal e secreta, por todos os membros da Xunta. A Mesa da Xunta de Escola adoptará as medidas necesarias para garantir o secreto do voto e a seguridade do resultado.
3. No caso de existir mais dun candidato, a elección celebrarase co sistema de dobre volta conforme o disposto no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela.
4. Rematada a votación, efectuarase o escrutinio no mesmo acto, e será proclamado Director eleito o que cumpra cos requisitos previstos no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago.

#### **Artigo 33º**

1. O Director poderá ser revogado mediante moción de censura de acordo co previsto no Regulamento Electoral da USC.
2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ir asinada por un tercio dos membros da Xunta e incluír o nome de quen sexa proposto como novo Director.

3. Se a moción non fose aprobada, os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo periodo de mandato.
4. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o Director ou quen faga as súas veces, terá que convocar unha Xunta extraordinaria con este único punto da orde do día, nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a presentación da solicitude no Rexistro do Decanato ou en calquera dos Rexistros xerais da USC.

#### **Artigo 34º**

Tanto o candidato proposto na moción de censura coma o Director disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. De seguido, abrirase un turno de preguntas por parte dos membros da Xunta cun prazo de duración máximo de unha hora e media. Rematado o turno de preguntas e intervencións, procederáse á votación nos termos previstos no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago.

### **CAPÍTULO II. Do Secretario ou Secretaria**

#### **Artigo 35º**

1. O Secretario da Escola é quen da fé dos actos e acordos dos diferentes órganos de goberno, representación e administración do Centro, consonte o establecido no artigo 104 dos Estatutos da Universidade.
2. O nomeamento e cese do secretario efectuarase conforme o disposto nos Estatutos da Universidade.
3. O Secretario da Xunta, que será o Secretario da Escola, levantará acta de todas as sesións.

#### **Artigo 36º**

1. En cada acta han de figurar inexcusablemente as seguintes mencións: a) membros da Xunta de Escola, nominalmente designados, que asistiron á sesión, salientando as ausencias xustificadas; b) orde do día; c) acordos e recomendacións, especificando se foron adoptados por asentimento ou votación e, no seu caso, se o foron por maioría ou unanimidade facéndose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.
2. Na Acta téñense que incluír os textos literais dos acordos e un resumo dos debates coas diferentes posicións, así coma calquera mención que os membros da Xunta, individual ou

colectivamente desexen que figure expresamente e fagan constar nun escrito sucinto entregado ao Secretario.

3. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Escola coas modificacións que propuxesen previamente por escrito os seus membros, sempre que éstas sexan aprobadas por aquela e plasmen máis axeitadamente o desenvolvemento da sesión. Non será precisa notificación previa por escrito para modificacións de erros ou lagoas puramente materiais. A proposta de acta estrá a disposición dos membros da Xunta de Escola na Secretaria da Escola alomenos 48 horas antes da reunión na que se someta a aprobación.
4. Logo de aprobada, cada acta será asinada polo Secretario, ou quen fixese as súas veces, co visto e praxe do Director ou do Presidente efectivo da sesión que se reflecta.

#### **Artigo 37º**

1. Na Escola levarase un libro de actas no que se incorporarán as minutas de cada sesión unha vez aprobadas.
2. O libro de actas estará baixo a custodia do Secretario da Escola , que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Escola .
3. Só darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións que, por orde do Director, expida o Secretario da Xunta.

Poderanse expedir certificacións:

- a) De oficio, por requerimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Santiago, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
- b) A instancia dos membros da Xunta de Escola .
- c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos o contido das certificacións versará unicamente sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións que sexa solicitada, salvo decisión do Decanato debidamente motivada.

### **CAPÍTULO III. Dos Subdirectores e Subdirectoras**

#### **Artigo 38º**

1. No exercicio das súas competencias, o Director será asistido polos Subdirectores e Subdirectoras.
2. É labor dos Subdirectores coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do Director, a área ou áreas de competencias que lles estean asignadas, sen prexuízo das funcións técnico-administrativas que correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios Subdirectores, o Director designará por escrito ao que ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.
3. O nomeamento e cese dos Subdirectores efectuarase conforme o disposto nos Estatutos da Universidade.

### **TÍTULO TERCEIRO – DA REFORMA DO REGULAMENTO**

#### **Artigo 39º**

1. A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo Director ou mediante proposta asinada por un tercio dos membros da Xunta.
2. As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, acompañaranse á convocatoria do Pleno da Xunta de Escola na que sexan debatidas debendo darse un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da Xunta de Escola . O debate e votación das mesmas terá lugar no Pleno da Xunta.
3. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta do Pleno da Xunta. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

O persoal docente procedente da antiga Escola de Graduados Sociais, integrada na USC por medio do Decreto 241/1991, do 4 de xullo, terá a mesma consideración para os efectos deste

regulamento, tanto en dereitos como en deberes, que os profesores titulares de escola universitaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno.